

- Apoio ás Comunidades de Montes en Man Común e implicación das mesmas na elaboración dun **Plan de Desenvolvemento Rural** que inclúa a aposta polo sector da castaña, da gandeiría en extensivo e da recuperación dos agros de cereal, fomentando o agrupamento de propiedades agrarias.
- Promoción dun **evento de mostra dos viños a nivel profesional**, enfocado a profesionais da hostelería e mundo do viño de nivel internacional.
- **Plan de saneamento e abastecemento** para todos os núcleos.
- Petición de aumento das horas de SAF e **impulso dun centro de día público**.
- Reactivación da Comisión de Turismo para deseñar a estratexia turística local, de acordo cos axentes sociais, para os vindeiros catro anos, convocando unhas **xornadas de formación e promoción turística**.
- Campaña de **excavación e investigación dun sitio arqueolóxico**.
- Impulso do acordo plenario a prol dunha **barreira para a olería tradicional**.
- **Elección democrática de pedáneos**.
- **Rebaixa do IBI**.
- Creación da **Concellalía de Igualdade** e do Consello Municipal das Mulleres, reservando orzamento para actividades en materia de promoción da igualdade e loita contra a violencia de xénero.
- **Fomento e apoio ao asociacionismo** para a protección do medio ambiente, a paisaxe e a cultura.
- **Tratamento equitativo á cidadanía**: non máis permisividade con determinada veciñanza no tocante a obras e plantacións.
- **Comisión de investigación sobre o Pazo de Sober** e acadar unha fórmula para o desfrute gratuito de parte das instalacións por parte da cidadanía.
- Aprobación dunha ordenanza municipal de benestar animal e impulso dun **refuxio de animais comarcal**.
- **Cambio na concepción das festa dos avós**, facendo unha xornada interxeracional con actividades de transmisión de memoria oral e mostra de oficios tradicionais, celebrándoa cada ano nunha parroquia.